

11-11-2025

18:00

---

SEGUROS E RESPONSABILIDADE

# SEGUROS

---

Con cuidado nisto: é case imposible establecer unha verdade rotunda en todas as casuísticas que poden traer os seguros.

A última palabra sempre a vai ter un xulgado, o que aquí podemos indicar son simplemente pautas xerais.

---

# Que se pode asegurar ?

- En termos xerais: PÓDESE ASEGURAR O QUE SE POIDA PREVER. Pero non todo é asegurábel. Se nos achegamos a un seguro coa idea de que é unha garantía absoluta de actuación estamos equivocadas, non hai ningún seguro que o cubra todo, nin o que pague todo. É máis, nin sequera se achegan en moitas ocasións.

Entón,  
para  
que  
temos  
seguros?

- Por que son obrigatorios nalgúns casos (responsabilidade civil e accidentes de voluntariado).
- Porque facilitan a xestión ordinaria.
- Porque evitan mesturar a nosa responsabilidade privada coa nosa actuación "pública".

# O seguro de responsabilidade civil

---

Quen por acción ou omisión causa dano a outro, INTERVINDO CULPA OU NEGLIXENCIA, está obrigado a reparar o dano causado.

---

# Quen é responsábel nunha ANPA ?

---

Quen se pon, ou nos poñemos, como representantes da asociación, nomeadamente a presidencia, agás de que se poida demostrar que a organización concreta do acto que provocou, ou posibilitou, o accidente, recaía noutra persoa concreta..

---

# E que significa ser responsábeis?

---

A responsabilidade civil, sempre falamos desa, porque a penal é persoal e non é asegurable, sempre se traduce nunha contía económica, unha multa, unha indemnización ou o pagamento duns gastos concretos

---

***E estamos  
cobertas  
sempre?***

---

Non, o seguro RC da ANPA dá cobertura a quen de nós estea traballando como membro dunha ANPA, pero se no momento no que ocorra algo somos un máis no grupo non nos cubre, nese caso teriamos a responsabilidade persoal que temos en todo momento.

---

# E a cobertura é universal?

---

NON:

Nin cubren os danos do propio centro educativo ao que pertenza a ANPA.

Nin cubren os actos que excedan do marco estatutario, ou o marco cotián da actividade típica da ANPA.

---

# É OBRIGARIO TERMOS UN SEGURO DE RC?

---

Non existe unha obriga legal, pero cómpre telo porque:

- As indemnizacións por accidente poden ser enormes.
  - No o ter é estar permanente exposto, co noso patrimonio privado, ao que poida pasar estando nós ao cargo.
  - Normalmente esíxese para o uso de espazos públicos
  - É obrigatorio se temos persoas voluntarias, e adoitamos telas
-

# Voluntarias, que é iso?

---

Unha persoa voluntaria é alguén que realiza unha actividade para a ANPA:

Libre e voluntariamente.

Fóra dunha relación laboral, profesional, funcionarial ou mercantil.

Sen contraprestación económica.

En función de programas concretos

---

# E isto pillanos ás ANPA?

---

Aínda que non somos entidades de acción voluntaria, si que estamos dentro do artigo 5 da Lei de voluntariado, que inclúe no ámbito da acción voluntaria: *a acción social e servizos sociais, defensa dos dereitos humanos, da infancia, das persoas con discapacidade, da efectividade dos dereitos en condición de igualdade das mulleres, educativas, culturais, deportivas, de lecer e tempo libre...*

---

**Entón, facemos cousas de voluntariado, e iso obríganos a?**

---

Levar un libro rexistro de persoas voluntarias,

Contratarlles un seguro de accidentes, que será de uso obrigatorio, porque o SERGAS pasará factura do que alí se faga, se a persoa voluntaria vai ao seu seguro ordinario e informa das circunstancias do accidente; e se non hai seguro, a ANPA podería verse obrigada a pagar os gastos -carísimos- da asistencia sanitaria.

---

# E os accidentes do alumnado?

---

Un seguro privado de accidentes ten a mesma cobertura que o sistema sanitario público.

Como moito ademais cubriría a rotura de dentes e gafas, como moito, porque habería moito que demostrar no caso.

E supón cobertura privada no canto da pública, non é un gran cambio realmente, tal e como se está demostrando.

---

# Quen é responsábel dos accidentes do alumnado?

---

En principio, ninguén, nin os colexios nin as anpas, nin as empresas contratadas; tede en conta que hai accidentes, e hai descoidos. Dos descoidos ten culpa quen está mirando para outro lado; pero hai que demostralo. Dos accidentes non ten culpa ninguén, son a vida mesma, tamén nos ocorren ás nais e pais, e iso non hai que o asegure.

---

**E se hai descoido,  
ou culpa, ou  
neglixencia, ou  
como se chame?**

---

Se hai un / unha culpábel do accidente, vai ser ela, ou o seu seguro, quen pague os danos, pero non así, sen máis.

Ten que haber unha reclamación que inicie o trámite.

Con esa reclamación a anpa dirixirase á compañía aseguradora.

A compañía responderá nun senso ou noutro.

E a partir de aí xa sabedes: ou acordamos, ou pleiteamos...

# Entón para que contratar un seguro de accidentes?

---

Para duplicar coberturas.

A rapazada até segundo da ESO están cubertos polo sistema xeral de saúde.

A rapazada a partir de terceiro da ESO están cubertos polo seguro escolar, que é obrigatorio

---

**Pero o SERGAS  
non paga  
sempre, non?**

---

Non, e precisamente por aí entendemos que non temos que contratalos, porque o SERGAS non paga en caso de:

- Accidente de tráfico. (as aseguradoras)
- Accidente laboral ou enfermidade profesional (as mútuas)
- Accidentes escolar en maiores de 14 anos (o seguro escolar)
- Accidentes deportivos para deportes federados e profesionais (o seguro federativo)
- Pacientes privadas (elas mesmas)
- Mutualidades (elas mesmas)
- Cidadáns da UE (o seu país de orixe)
- Estranxeiros en estancia temporal (o sistema de saúde do país de orixe).

**Ainda así,  
QUEREMOS  
CONTRATAR UN  
SEGURO DE  
ACCIDENTES !!**

---

Pois vale, de acordo, estades duplicando coberturas, e non tedes máis seguridade que antes nin mellor atención, pero vale sempre que:

- O decida a asemblea xeral, nunca a directiva.
- Non supoña discriminación para ningunha alumna-o que poida participar nas actividades da ANPA.
- E TEÑADES CLARO QUE NON EVITA O RISCO DE RECLAMACIÓNS Á DIRECTIVA.

Moitas grazas  
por  
escoitarme!!

- Sabedes onde estamos:
- [anpasgalegas@gmail.com](mailto:anpasgalegas@gmail.com)  
(en calquera momento)
- 695 251 109
- (Os teléfonos mellor en horario non familiar, por favor).